

Queridos irmáns:

Os Bispos reunidos na CV Asemblea Plenaria da Conferencia Episcopal Española uníndose ás reiteradas peticións do Papa Francisco a favor dos cristiáns perseguidos en diversas partes do mundo, exhortan aos fieis católicos a orar intensamente por estes irmáns e irmás que viven momentos de gran dor e dificultade. Os Señores Bispos piden que se ore intensamente durante o tempo que transcorre desde a Ascensión do Señor ata Pentecostés.

O noso Bispo, D. Alfonso Carrasco, exhorta a todos os diocesanos a orar por esta intención. Así mesmo pide a todos os párrocos e responsables de comunidades cristiás parroquiais, ás comunidades de vida consagrada, movementos apostólicos, etc., que se teña en conta esta intención de oración.

1.- Na Santa Misa, engádase esta petición ou outra semellante na Oración Universal:

"Polos nosos irmáns cristiáns perseguidos: para que o Espírito Santo lles conceda o don da fortaleza e converta os corazóns de quen atentan cruelmente contra as súas vidas e as súas terras, e en todas partes haxa paz e sexa respectada a liberdade relixiosa. Roguemos ao Señor."

2.- Nas preces de Laudes e Vésperas engádase esta petición ou outra semellante:

"Envía, Señor, á Igrexa e á humanidade o teu Espírito de Amor para que desaparezan as disensións e odios, e os cristiáns poidan convivir en paz e harmonía con todos os homes".

3.- Oportunamente, nun dos días feriais, a xuízo dos párrocos e rectores de igrexas, convóquese a todos os fieis cristiáns para unha celebración eucarística na que se use o formulario *Polos cristiáns perseguidos* que se atopa no **Misal Romano** (*Misas por diversas necesidades* n. 15), podendo utilizarse, ou ben as lecturas do día, ou ben, elixindo de entre as que se propoñen no leccionario VI: "Lecturas para as Misas por diversas necesidades e votivas", no capítulo 12: *Polos cristiáns perseguidos*.

4.- Asegúrese en cada comunidade algún momento de oración. Nos exercicios piadosos do pobo cristián e, de xeito especial, alí onde se manteña a adoración prolongada ou continua do Santísimo Sacramento, invítese aos fieis a orar pola mesma intención.

Á vez que lles comunico esta petición, aproveito a ocasión para manifestarlles a miña consideración e aprecio no Señor.

José Antonio Ferreiro Varela
Delegado de Liturxia